

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E USO DA LINGUA GALEGA.

CURSO 2019-20



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

IES RAMÓN OTERO PEDRAYO, A CORUÑA

De acordo coa *ORDE do 27 de decembro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios (ED101C)*, presentamos o seguinte **proxecto** no que especificamos as actividades realizadas e as que temos previsto desenvolver no que resta deste curso académico.

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO E SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O IES “**Ramón Otero Pedrayo**” da **Coruña** é un centro urbano, de cidade, onde a actitude cara ao idioma galego non é, xeralmente, positiva. Isto inflúe na visión que o alumnado e as súas familias teñen respecto da nosa lingua, xa que para a maioría do noso alumnado o galego é unha lingua en desuso, de menor importancia e en moitos casos asociada ó medio rural ou pouco moderna.

No noso instituto atopamos un **alumnado** de procedencia social variada, pero maioritariamente dun ámbito socioeconómico medio-baixo. O feito de que o barrio experimente unha notable expansión pola súa ubicación na saída da cidade, leva asociado que un número importante do noso alumnado proveña de familias inmigrantes, fundamentalmente hispanoamericanos, e tamén de etnias minoritarias que viven en zonas limítrofes coa propia cidade e que están dentro da zona de influencia escolar do noso centro. Moitos deles acoden ao instituto en transporte público ou veñen acompañados dos seus pais. A estes hai que engadir todos aqueles que pertencen ao concello da Coruña mais que tampouco usan o galego de xeito cotián.

En vistas desta realidade será fundamental acadar actitudes positivas cara ao noso idioma. O noso **obxectivo primordial**, polo tanto, será que o noso alumnado e profesorado conviva coa lingua galega de xeito natural, no día a día do centro. Por iso toda actividade do centro debería xirar arredor da nosa lingua xa que fóra del vanse atopar cunha realidade monopolizada polo castelán, sexa na súa relación cos amigos ou en calquera outra actividade social que teña lugar nesta cidade.

Para acadar este obxectivo as actividades concretas que propoñemos deberán ser moi atractivas e inserirse na vida do centro de maneira natural. Evidentemente a actitude e

colaboración do profesorado será imprescindible, así como do resto da comunidade educativa, porque se o alumnado non observa un compromiso cara á lingua por parte dos docentes, eles non cambiarán a súa actitude cara ao noso idioma.

En relación ao **profesorado** debemos dicir que a realidade do centro varía duns anos a outros xa que son frecuentes cada ano os cambios no grupo de docentes. Normalmente falamos dun número que se aproxima ós 35.

Grande parte do profesorado ten destino definitivo no centro (uns accederon a través do proceso de adscrición funcional e outros por concurso de traslados), pero tamén hai un número importante de profesores desprazados, en expectativa de destino e interinos. A actitude lingüística cara á lingua galega dende os distintos departamentos é en xeral bastante positiva o que non significa que non se poida mellorar, mais o uso diario xa non é tan frecuente.

Os **país e as nais** son outro condicionante a ter moi en conta. Con eles deberemos desenvolver un traballo semellante ao que pretendemos levar a cabo co alumnado; para isto os seus proxenitores deberán apreciar de maneira natural que a lingua galega é o vehículo fundamental de relación no centro. Pensamos que toda a comunicación cos país e nais, sexa oral ou escrita, debería realizarse en galego, sobre todo as titorías, por ser estas un medio moi directo de relación cos mesmos. A colaboración neste sentido do persoal docente tamén será importante, xa que eles, na meirande parte das ocasións, son os primeiros en entrar en contacto cos país e nais, e ese contacto debería ser sempre en galego.

Non debemos esquecer tampouco que no noso centro o número de alumnos e alumnas inmigrantes vai medrando ano a ano, o cal supón un elemento máis a ter en conta á hora de traballar. Haberá que transmitirilles a idea de que a lingua propia é un idioma útil e que vai ser importante a súa aprendizaxe para unha futura vida laboral, xa que moitos escúdanse nas posibles exencións para non estudar esta materia e, polo tanto, para manterse á marxe do idioma tanto na vida escolar como nas súas relacións sociais.

Consideramos que a mellor maneira de promover a lingua galega é a de transmitir a idea dunha lingua de prestixio, de cultura e útil para calquera tipo de relación social. Polo tanto toda actividade cultural, extraescolar, etc. deberá realizarse en galego. Pensamos que é moi importante achegar ao centro a figuras do mundo das letras, das artes, do deporte, dos medios de comunicación, das novas tecnoloxías, ... que sexan atractivas para eles e que lles fagan ver que a nosa lingua non é só unha reliquia que malvive no mundo rural senón unha

lingua usada en todos os eidos da cultura: música, cinema, teatro, radio, televisión, redes sociais, publicidade, deportes, etc.

En relación a este último punto deberíamos ter en conta que a situación do centro favorece o contacto co mundo da cultura, xa que contamos con centros culturais de importancia moi próximos e que deberíamos aproveitar para acadar os obxectivos que buscamos. Para isto a relación con eles debe ser fluída, pero ademais dende a administración teríase que contribuír a que puidesen derrubarse os obstáculos lingüísticos que ás veces se nos presentan.

Dicimos isto porque na meirande parte das ocasións a lingua que se emprega nestes centros non é a galega, e polo tanto non axuda a mellorar a visión que os alumnos teñen da situación lingüística. As institucións e os guías destes centros, así como o profesorado, deberíamos ser modelo de normalización lingüística para o noso alumnado.

ENQUISA PROFESORADO

5.- Que lingua empregas habitualmente?																
		1.-	Só castelán													
		2.-	Predomina castelán													
		3.-	Castelán e galego por igual													
		4.-	Predomina galego													
		5.-	Só galego													
Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe													
1	2	2	9,09%	<p>Lingua empregada habitualmente polo profesorado</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Categoría</th> <th>Porcentaxe</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Só castelán</td> <td>9,09%</td> </tr> <tr> <td>Predomina castelán</td> <td>40,91%</td> </tr> <tr> <td>Castelán e galego por igual</td> <td>13,64%</td> </tr> <tr> <td>Predomina galego</td> <td>4,55%</td> </tr> <tr> <td>Só galego</td> <td>31,82%</td> </tr> </tbody> </table>	Categoría	Porcentaxe	Só castelán	9,09%	Predomina castelán	40,91%	Castelán e galego por igual	13,64%	Predomina galego	4,55%	Só galego	31,82%
Categoría	Porcentaxe															
Só castelán	9,09%															
Predomina castelán	40,91%															
Castelán e galego por igual	13,64%															
Predomina galego	4,55%															
Só galego	31,82%															
2	9	18	40,91%													
3	3	9	13,64%													
4	1	4	4,55%													


5	7	35	31,82%
TOTAIS:	22	68	100,00%
	MEDIA:		
		3,09	

--	--	--	--


6.- Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?

		1.-	Só castelán
		2.-	Predomina castelán
		3.-	Castelán e galego por igual
		4.-	Predomina galego
		5.-	Só galego

Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe
1	0	0	0,00%
2	5	10	22,73%
3	4	12	18,18%
4	5	20	22,73%
5	8	40	36,36%
TOTAIS:	22	82	100,00%
	MEDIA:		



		3,73	
--	--	------	--




7.- Consideración sobre a propia capacitación para empregar o galego dentro da aula:																
		1.-	Moi baixa													
		2.-	Baixa													
		3.-	Media													
		4.-	Alta													
		5.-	Moi alta													
Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe	<table border="1"> <caption>Data for 'Consideración da propia capacidade para dar clases en galego'</caption> <thead> <tr> <th>Categoría</th> <th>Porcentaxe (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Moi baixa</td> <td>0,00%</td> </tr> <tr> <td>Baixa</td> <td>4,55%</td> </tr> <tr> <td>Media</td> <td>45,45%</td> </tr> <tr> <td>Alta</td> <td>36,36%</td> </tr> <tr> <td>Moi alta</td> <td>13,64%</td> </tr> </tbody> </table>	Categoría	Porcentaxe (%)	Moi baixa	0,00%	Baixa	4,55%	Media	45,45%	Alta	36,36%	Moi alta	13,64%
Categoría	Porcentaxe (%)															
Moi baixa	0,00%															
Baixa	4,55%															
Media	45,45%															
Alta	36,36%															
Moi alta	13,64%															

1	0	0	0,00%		
2	1	2	4,55%		
3	10	30	45,45%		
4	8	32	36,36%		
5	3	15	13,64%		
TOTALS:	22	79	100,00%		
	MEDIA:				
		3,59			

8.- Disposición a facer cursos para acadar a capacitación no uso do galego:

		1.-	Ningunha		
		2.-	Pouca		
		3.-	Moderada		
		4.-	Boa		
		5.-	Plena		


Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe
1	3	3	18,75%
2	1	2	6,25%



3	6	18	37,50%		
4	3	12	18,75%		
5	3	15	18,75%		
TOTAIS:	16	50	100,00%		
	MEDIA :				
		3,13			

9.- Valoración de enunciados diversos.

		Respostas						
		1	2	3	4	5	Totais	
Enunciado	1	0	1	4	6	9	20	Branco
	2	1	0	3	1	16	21	1
	3	0	0	1	2	18	21	1
	4	3	2	2	5	9	21	1
	5	2	1	2	6	10	21	1
	6	1	0	2	2	14	19	1
	7	1	2	1	5	14	23	1




ENQUISA ALUMNADO

8.- En que lingua aprendiches a falar

		1.-	En castelán
		2.-	En galego
		3.-	Nas dúas
		4.-	Noutras
Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe
1	128	128	61,54%
2	14	28	6,73%
3	62	186	29,81%
4	4	16	1,92%
TOTAIS:	208	358	100,00%
	MEDIA:		
		1,72	

9.- Que lingua se fala habitualmente na túa casa?			
		1.-	Só castelán
		2.-	Predomina castelán
		3.-	Castelán e galego por igual
		4.-	Predomina galego
		5.-	Só galego
		6.-	Outras

Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe
1	84	84	40,19%
2	61	122	29,19%
3	36	108	17,22%
4	13	52	6,22%
5	10	50	4,78%
6	5	30	2,39%
TOTAIS:	209	446	100,00%
	MEDIA:		
		2,13	




10.- Que lingua usas habitualmente?			
		1.-	Só castelán
		2.-	Predomina castelán
		3.-	Castelán e galego por igual
		4.-	Predomina galego
		5.-	Só galego
		6.-	Outras
Valores	nº de	Puntos	Porcentaxe

	respostas															
1	93	93	43,26%	<p>Lingua que usa habitualmente o alumnado</p> <p>Percentaxes</p> <table border="1"> <tr><td>Só castelán</td><td>43,26%</td></tr> <tr><td>Predomina castelán</td><td>38,14%</td></tr> <tr><td>Castelán e galego por igual</td><td>12,56%</td></tr> <tr><td>Predomina galego</td><td>1,86%</td></tr> <tr><td>Só galego</td><td>3,26%</td></tr> <tr><td>Outras</td><td>0,93%</td></tr> </table>	Só castelán	43,26%	Predomina castelán	38,14%	Castelán e galego por igual	12,56%	Predomina galego	1,86%	Só galego	3,26%	Outras	0,93%
Só castelán	43,26%															
Predomina castelán	38,14%															
Castelán e galego por igual	12,56%															
Predomina galego	1,86%															
Só galego	3,26%															
Outras	0,93%															
2	82	164	38,14%													
3	27	81	12,56%													
4	4	16	1,86%													
5	7	35	3,26%													
6	2	12	0,93%													
TOTAIS:	215	401	100,00%													
	MEDIA:															
		1,87														

11.- Que lingua usas habitualmente na escola?			
		1.-	Só castelán
		2.-	Predomina castelán
		3.-	Castelán e galego por igual
		4.-	Predomina galego
		5.-	Só galego
		6.-	Outras
Valores	nº de respostas	Puntos	Porcentaxe

1	48	48	22,33%		
2	55	110	25,58%		
3	71	213	33,02%		
4	28	112	13,02%		
5	10	50	4,65%		
6	3	18	1,40%		
TOTAIS:	215	551	100,00%		
	MEDIA:				
		2,56			



12.- Valoración de enunciados diversos.

		Respostas					
		1	2	3	4	5	Totais
Enunciado	1	80	27	36	7	13	163
	2	22	18	43	34	45	162
	3	11	11	29	36	76	163
	4	68	27	41	16	15	167
	5	40	22	32	21	50	165
	6	19	15	40	36	55	165
	7	50	11	30	12	64	167

SÍNTESE SOBRE AS ENQUISAS

PROFESORADO

Se observamos a gráfica correspondente á pregunta nº5 (que lingua empregas habitualmente?) vemos como unha porcentaxe elevada utiliza o castelán (40,91% + 9,09%) como lingua habitual fóra do instituto. Pero se comparamos estes resultados coa pregunta nº 6 (que lingua empregas habitualmente no instituto?) entón os resultados da enquisa mudan, xa que unha ampla maioría (22,73% + 36,36%) utilizan o galego como forma de comunicación co alumnado e co profesorado. Isto indícanos que a maior parte dos profesores/as teñen unha

actitude positiva cara á nosa lingua e preocúpanse por empregala. Tamén nos leva a preguntarnos polo motivo deste dobre uso e fainos pensar na posibilidade de concienciar ao profesorado para que asuma o galego como lingua preferente.

Por outra banda, nas respostas á pregunta nº 7 (consideración sobre a propia capacidade para empregar o galego dentro da aula) o profesorado considérase medianamente capaz de usar a lingua no ámbito docente (45,45%), aínda que tamén unha porcentaxe alta afirma estar bastante capacitado (36,36% + 13,64%). Se comparamos esta cuestión coa nº 8 (disposición a recibir cursos para mellorar no emprego da lingua) vemos que non chega nin á metade (18,75% +18,75%) a actitude positiva cara ós cursos de formación. Deberíamos preguntarnos porqué, aínda que un posible motivo pode estar na resposta á pregunta anterior na cal predominaba o profesorado que se consideraba capacitado para usar a lingua galega.

ALUMNADO

Ao analizar os datos obtidos nas enquisas realizadas ao alumnado extraemos os seguintes **resultados:**

Con relación á pregunta nº 8 (en que lingua aprendiches a falar?) e nº 9 (que lingua se fala na túa casa?) comprobamos que coinciden como respostas maioritarias o emprego do castelán, sendo moi poucos os que usan de forma predominante o galego, a pesar de que un 29,81% din ter aprendido a falar nas dúas linguas oficiais.

Igualmente, cando se lles pregunta pola lingua utilizada habitualmente, na cuestión nº 10, o emprego do castelán é maioritario (43,26% + 38,14%). Esta tendencia mantense na pregunta nº 11 (que lingua usas habitualmente na escola?) pois, malia a que a porcentaxe descende no uso do castelán, está moi preto do 50% (22,33% + 25,56%). Isto indica como, aínda que os

profesores utilizan o galego como lingua vehicular, o alumnado non se involucra no seu emprego xa que unicamente un 13,02% + 4,65% admiten utilizar o galego habitualmente no instituto.

Con respecto á última pregunta, a nº 12 (valoración de enunciados diversos) vemos respostas que parecen corresponderse con estereotipos, pois mentres unha maioría está de acordo con que o uso de dúas linguas enriquece á persoa e que as sociais ou as matemáticas poden estudarse en galego, non obstante só trece alumnos consideran que os videoxogos poden utilizar o galego. Tamén atopamos respostas contraditorias, pois mentres no enunciado nº 3 (a adquisición de dúas linguas enriquece) a maioría do alumnado está de acordo; no enunciado nº 7 (a xente que fala castelán é máis intelixente) 50 alumnos/as están de acordo con esta afirmación.

Pensamos que a pregunta nº 12 non está ben formulada o que provoca erros nalgunhas das súas respostas.

A **conclusión** que tiramos disto é que nos movemos nun contorno castelán falante ao que lle custa abandonar o emprego desta lingua, o cal non favorece o labor do profesorado nas aulas. Debemos buscar as estratexias necesarias para conseguir que, cando menos, o alumnado utilice ambas linguas por igual. Tamén queremos destacar que o alumnado non ten unha actitude moi positiva ante a nosa lingua, como se desprende das respostas á pregunta nº 12 e como comprobamos nós todos os días nas aulas.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO E COLABORADORES

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES “Ramón Otero Pedrayo” que elabora o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega está formado oficialmente polos seguintes membros:

Profesorado:

- X. Antón Amil García (Departamento de Lingua Galega) COORDINADOR
- Laura Janeiro Rodríguez (Departamento de Lingua Galega)
- Isabel Figueira -Salgueiros (Departamento de Lingua Galega)
- Susana Ferreira Varela (Departamento de Xeografía e Historia)
- Felix Longueira Fafián (Departamento de Xeografía e Historia)
- Aitor Insuza Núñez (Departamento de Xeografía e Historia)
- Dolores Rodríguez Saavedra (Departamento de E. Plástica e Visual)
- Begoña Valdés Rodríguez (Departamento de Lingua Española e Biblioteca)
- Emiliano Máquez Roel (Departamento de Lingua Española)
- Ana Campos Rey (Departamento de Francés)
- José Carlos Suarez (Departamento de Educación Física)
- María Lamas Pérez (Departamento de Educación Física)
- M^a Carme Pérez López (departamento de Física e Química)
- M^a Carmen Lorenzo Villar (Departamento de Ciencias Naturais)
- Ana Casal Segade (Departamento de Matemáticas)
- José Barreiro Roca (Departamento de Tecnoloxía)
- Sara Madiá García (Departamento de Orientación)
- Obdulia Rivera Díaz (Persoal non docente)

Alumnado:

Contaremos cuns representantes de cada aula e de cada nivel que actuarán como voceiros/as das actividades a realizar e das suxestións dos compañeiros/as, e participarán nalgunhas reunións cos demais membros do EDLG se for posible. Serán escollidos polos seus compañeiros/as entre aqueles que manifesten maior sensibilidade co noso idioma e nalgún caso é posible que coincidan cos delegados/as de curso. Algúns destes representantes participarán como membros do xurado nos concursos que se realicen.

Para acadar os fins que figuran no plan xeral e específico que se expoñen a continuación, non só se conta co labor do Equipo de Dinamización, senón que se agarda a axuda de todos os membros da comunidade educativa, tanto nas actividades que se propoñen como na incorporación paulatina da lingua galega á vida do centro. De non ser así, non tería sentido ningún proceso normalizador nin ningún plan dinamizador.

Como en anos anteriores, **contamos co compromiso de colaboración de case todos os Departamentos didácticos** –Física e Química, Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Educación Física, Tecnoloxía, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, Música, Lingua Española, Lingua Galega, Biblioteca, aos que se suma este ano o Departamento de Orientación, Francés, etc, para levar a cabo as actividades propostas, algunhas das cales foron suxeridas por ditos departamentos, e deixamos a porta aberta a todas aquelas persoas, país, nais ou departamentos que se queiran incorporar ao longo do curso a este proxecto. Tamén colaboraremos coa CGNDL, en especial cos equipos do noso contorno. Ademais, tentaremos entablar relacións coas entidades e asociacións culturais da redonda, coas Bibliotecas, en especial coa González Garcés por estar aquí ao noso carón, coa concellaría de cultura do Concello, co Forum Metropolitano, co Ágora e co Centro Cívico de Monelos para espallar certas actividades nosas ou aproveitar aquelas que nos poidan interesar das súas programacións.

Segundo o establecido no punto 4 do artigo 83 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Decreto 324/1996 do 9 de agosto, nel recollerase a relación de actividades programadas ordenadas cronoloxicamente para este curso nas que se concretan os obxectivos previstos tanto no **plan xeral** para o uso do idioma como no **plan específico** para a potenciación da presenza da realidade cultural galega.

PLAN XERAL DO USO DA LINGUA GALEGA

O **obxectivo xeral** deste plan é valorizar, dinamizar e fomentar o uso da lingua galega entre toda a comunidade educativa, coa participación no proceso de todos os membros que a integran: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente. Para acadar dito obxectivo levaranse a cabo as seguintes **iniciativas**:

- Valorizar a nosa lingua, crear actitudes positivas cara ao galego e tentar acabar cos prexuízos lingüísticos existentes entre a comunidade escolar.
- Poñer en valor a nosa lingua e promover a utilización do galego por parte daqueles membros da comunidade escolar que, coñecendo a nosa lingua, non a usan habitualmente como idioma vehicular no instituto, e facilitarlles aos demais a súa incorporación ao uso da mesma tanto nas súas aulas como na vida cotiá.
- Promover o inicio do uso da lingua galega por parte daqueles membros da comunidade educativa que non teñen o galego como a súa lingua habitual.
- Favorecer o coñecemento da nosa lingua a aquelas persoas que proveñen de fóra da nosa Comunidade para unha máis fácil integración social e cultural.
- Facer visible e audible a nosa lingua en todos os contextos posibles como sinal de normalidade idiomática: reunións de claustro, consello, departamentos, etc ou en conferencias, cinema, teatro, atención telefónica, **exposicións**, deportes, música, vídeos, internet, redes sociais, medios de comunicación: xornais, radios, televisión, etc.
- Potenciar o mellor coñecemento da lingua galega para o seu emprego correcto, tanto a nivel oral como escrito como sinal de prestixio.
- Incidir para que as actividades de carácter extracurricular do Centro se desenvolvan integramente no noso idioma.
- Potenciar o emprego da lingua galega en todo tipo de actividades transversais do Centro: Plan lector, Plan TIC, Plan de convivencia, Plan de formación, Biblioteca, proxecto interdisciplinar, tutorías, ...

- Promover a docencia en galego dos niveis e áreas do currículo que excedan do obrigado cumprimento como medida necesaria para garantir a efectiva adquisición da lingua polos que non a teñen como materna.
- Realizar unha campaña informativa da lexislación lingüística do galego que teña como obxectivo que as familias transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares e sociais. (*Ollos de Auga*)
- Solicitar das ANPAS o emprego do galego como lingua vehicular, fundamentalmente nos escritos que envían ás familias ou á prensa e enviarlles mensualmente a revista galega *Ollos de auga* da CGENDLG.

PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA

Como **obxectivos específicos** para o curso 2019-2020 márcanse os seguintes:

- Coma en anos anteriores, coñecer cal é a realidade lingüística dos novos membros da comunidade escolar e comparala coa de cursos anteriores. Se se comprobasen diferenzas significativas faríase a correspondente análise socio-lingüística.
- Implicar a todos os sectores e membros do instituto no proceso de normalización e no plan dinamizador.
- Axudar aos integrantes do centro a resolver calquera dúbida relacionada co uso do idioma. Para iso tentaremos crear unha biblioteca específica que estea a disposición de todos os membros do claustro: guías de planificación, normas ortográficas, léxicos específicos, vocabularios e dicionarios (sinónimos, antónimos, de dúbidas, de equivalencias entre dous ou máis idiomas)...
- Dar a coñecer diverso material audiovisual e informático en galego, tradutores, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e cultura, blogs, curtas ..., en particular o Portal da Lingua Galega cos seus recursos e o Portal das palabras.

- Garantir unha oferta de materiais didácticos en diversos soportes que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua galega e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz, principalmente aos membros da comunidade educativa que acaban de incorporarse.
- Prestar o apoio e asesoramento que se considere necesario ao alumnado que se acaba de incorporar a Galicia. Para este fin poderase utilizar como ferramenta de aprendizaxe a seguir o material elaborado para os CELGA 1 e 2 que se atopa na web da SXPL e no Depto de Orientación (PT), o que hai na rede (*SXPL, Portal da Lingua Galega, Portal das palabras, AS-PG, CGENDL, AELGA, RAG, Fundación Barrié, Consello da Cultura ...* ou calquera outro que se propoña).
- Desenvolver actitudes positivas cara ás linguas e erradicar os prexuízos lingüísticos.

Polo tanto, o **obxecto** desta planificación lingüística é **garantir**:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual (moi escaso) poida manter a súa lingua e consolidar a competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego; para este fin, favoreceranse os contextos formais e informais, docentes e non docentes, nos que o vehículo de comunicación sexa a lingua galega.
- Que todo o alumnado teña unha actitude positiva cara á utilización da lingua galega tanto en contextos formais como informais e que a vaia usando cada vez máis.
- Que descubran e valoren a nosa cultura e a nosa lingua a través do lecer: música, teatro, cinema, vídeos, redes sociais, blogs, deportes, xogos, etc

ACTIVIDADES

As **actividades** que se propoñen a continuación teñen como finalidade acadar os obxectivos que se marcan neste plan de potenciación da lingua galega.

Pretendemos chegar a acordos cos distintos departamentos do instituto para que cada profesor, nas súas aulas, valore o uso do galego oral e escrito no alumnado como unha parte máis da avaliación da materia que imparte.

Queremos fomentar o uso das novas tecnoloxías creando un apartado para o Equipo de Dinamización da Lingua Galega na páxina web do instituto: www.edu.xunta.es/centros/iesoteropedrayocoruna onde se colgarán todas as novas, as fotos, vídeos, presentacións e o proxecto do Equipo. Tamén tentaremos retomar a revista dixital do centro e seguir mantendo e actualizando o blogue (***Gastalingua.blogspot.com*** –aptdo. EDLG) para que o alumnado e o profesorado poida ver e subir novas sobre a nosa lingua, a nosa música, os deportes, as lecturas, as viaxes, as afeccións, etc, podendo subir fotos, vídeos, etc, que estean relacionados coa nosa cultura.

- Coma en anos anteriores, colocaremos no taboleiro de Normalización e Dinamización Lingüística novas sobre a nosa lingua e cultura e mais os distintos traballos do alumnado que se irán renovando periodicamente, así como as convocatorias de concursos e os traballos gañadores cos nomes dos autores/as respectivos/as.
- Actualizaremos o estudo sociolingüístico do centro (se houberse grandes diferenzas cos cursos precedentes) elaborando unha enquisa en 1º de ESO, para poder coñecer cal é a situación da lingua no centro e avanzar a partir desta realidade, aínda que non comprobamos diferenzas significativas.
- Realizaremos xogos nalgúns horas de titorías como *trivial.gz* (<http://www.as-pg.com/trivial.gz>), *Ophiusa (A terra dos mil ríos)*, o *Arcano* ou os do *Correlingua*, *Cantalingua*, pois cremos que o lecer é un bo espazo para aprender, e aprender xogando é a mellor forma de achegármonos á nosa literatura, á nosa historia, á nosa xeografía, a nós mesmos/as.
- Celebraremos o **Samáin** na Biblioteca do Centro a finais de outubro con visionado de vídeos relacionados con esta tradición e con lecturas de textos escritos polo alumnado sobre medo, suspense, terror, etc, previa ambientación con velas, cabazas, música, etc. Esta actividade celébrase para todos os cursos en colaboración co Depto. da Biblioteca e o Depto. de Lingua Galega e tentarase gravar algún vídeo da mesma, así como recopilar os textos nunha pequena revista e realizar algún cómic dos mesmos.

- Faremos un concurso de presentacións en Power Point (texto e fotos) e/ou de vídeos por aula e nivel sobre a **violencia de xénero** para conmemorar dito día en colaboración coas titorías, e cos responsables do **Proxecto de Igualdade do Centro** cunha exposición de traballos realizados sobre este tema, así como un concurso de cartas e de tuits titulado ***Dillo a quen maltrata***.
- Construiremos unha **árbore** (espida) para colocar no recibidor do instituto antes das vacacións do Nadal e irémola vestindo con tarxetas con textos e debuxos referidos ao Nadal e ao Aninovo. Esta actividade realizarémola conxuntamente cos Dptos. de Educación Plástica, Lingua Galega, Tecnoloxía, Ciencias Sociais, etc.
- Convocarase un concurso de **tarxetas dixitais de Nadal e ou Aninovo** con lemas que fomenten o uso da nosa lingua. Premiaranse aquelas que resulten gañadoras e dixitalizaremos a mellor para felicitármonos o 2020 todos: alumnado, profesorado, familias, etc.
- Celebraremos unha **olimpíada de xogos tradicionais** en decembro como colofón do 1º trimestre do curso entre o alumnado e profesorado. Organizarémola conxuntamente co Dpto. de Educación Física. Efectuarase unha recollida previa dos xogos máis típicos da comarca ou dos máis coñecidos polas súas familias. O alumnado aprenderá as normas de cada xogo e dará unha información sobre os mesmos aos participantes antes de comezar.
- Realizaremos un **concurso de deseño de almanaques mensuais sobre a figura de Ricardo Carballo Calero ou outros persoeiros da nosa cultura para colocar nas aulas** e apuntar as datas de exames e traballos. O almanaque gañador editarase en cor en DIN-3 e terá que levar imaxes e texto de dito autor/es.
- Realizaremos **vídeos** co alumnado en situación escolares, visitas, **Igualdade interxeracional** avoas, nais, fillas ou sobre os seus propios guións, vídeos que logo colgaremos no noso blog: *Gastalingua.blogspot.com*
- Convocaremos un **concurso de presentacións ou murais por aula e nivel sobre os autores que dan nome a cada unha das aulas** para realizar unha exposición dos mesmos e coñecermos mellor ditos autores. Os traballos dos gañadores plastificarémolos para que fiquen permanentemente en cada aula.
- Abriremos unha conta en **INSTAGRAM** para publicar imaxes, vídeos e textos de actividades realizadas en galego.

- Realizaremos **un concurso de BOOK TRAILES** sobre obras lidas polo alumnado ou sobre textos escritos por eles.
- Organizaremos a asistencia a **representacións teatrais en galego de interese** para cada nivel que nos ofrezan os teatros da cidade: Forum, Ágora, Colón ou Rosalía, etc. Estas actividades están organizadas conxuntamente co Dpto. de Lingua Galega e xa as temos reservadas para este 1º trimestre.
- Seguiremos co noso **grupo de teatro** en galego **A LAGARADA** para **representarmos unha ou dúas obras** aínda non especificadas, tamén iremos representalas a algúns colexios veciños de primaria e secundaria, e recibiremos os grupos desoutros centros se representan en galego. Estas obras **gravarémolas tamén en vídeo** e subirémolas ao noso blog para que todo a comunidade educativa poida visionalo e disfrutalo.
- Tentaremos volver a traer un grupo de teatro que dramatiza algúns contos ou textos em galego; organizarémola conxuntamente co Dpto. de Galego e de Artes Escénicas.
- Realizaremos **un par de programas de radio** dunha hora de duración cada un co alumnado de 2º e 3º da ESO en **radio CUAC FM**, dirixidos polos profesores do Equipo Félix Longueira e Antón Amil respectivamente .
- Tentaremos elaborar unha **revista ou xornal do centro** en versión dixital e publicaremos varios exemplares en papel para repartir entre a comunidade escolar. Necesitaremos maquetador. En caso contrario publicaremos todo o material no blog ***Gastalingua.blogspot.com***
- Concurso de **cartas e poemas de amor ilustrados** para celebrar o **día dos namorados**. Isto levarémolo a cabo co Dpto. da Biblioteca, de Galego, de E. Plastica e Visual e de Lingua Española.
- Estamos participando no **proxecto de IGUALDADE** que está levando a cabo o Centro, tanto en actividades transversais como na mediación e na titoría entre iguais.
- Seguiremos organizando a campaña de **HOXE EN GALEGO** unha vez ao trimestre como mínimo para toda a comunidade educativa, e o **DESAFÍO 48 HORAS EN GALEGO** con aquel alumnado que asine o seu compromiso.
- Realizaremos **videos** co alumnado e coas súas familias sobre as **variantes dialectais** contando historias propias do lugar de procedencia de cada quen ou da súa familia.

Ralizaremos **outros videos** no interior das aulas amosando as **exposicións en galego do alumnado** nas aulas de C.Sociais, C. Naturais, Lingua Galega, E. Plástica, Biblioteca, etc.

- Participaremos no **club de lectura Bibliotero** en colaboración co Dpto. da Biblioteca, Lingua Española e de Lingua Galega, club que mantén o irmanamento co do CPI de Coristanco.
- Realizaremos un **concurso-exposicion** de cartaces sobre a Igualdade de xénero para conmemorar o **día da muller traballadora** en colaboración co Depto. de E. Plástica e co profesorado de Igualdade.
- Participaremos nas **actividades do entroido** con creación de textos orixinais e imaxes dos mesmos a xeito de **TELÉFONO ESTROPEADO** (Texto-imaxe, texto-imaxe, etc, etc).
- Conmemoraremos o **día do libro e da poesía** con recitados de poemas e textos en colaboración co Equipo da Biblioteca, de Lingua Galega e de Lingua Española.
- O alumnado e o profesorado realizará un **recitado dramatizado de poemas** polas aulas para conmemorar o **día de Rosalía de Castro**, e unha audición musical de textos da autora. Participaremos igualmente na actividade sobre Rosalía que a AELGA e a Fundación Manuel María propón cada ano.
-
- Dentro do que é a **colaboración veciñal intercentros** que vimos mantendo, este curso un grupo do noso alumnado do 1º e 2º da ESO **recitará poemas** de Rosalía ou doutros autores/as galegos para o alumnado de primaria dos colexios adscritos: C.E.I.P. María Pita, Ramón de la Sagra, Nosa Señora do Rosario (colexio de xordos), ... e nun segundo encontro con eles intercambiaremos sesión de **conta-contos** para os de infantil e primaria.
- Realizaremos **charlas con escritores**, actores ou deportistas de elite, ou ben obradoiros literarios para todos os niveis colaborando co departamento de Lingua Galega, Biblioteca, Educación Física, ... e con editoriais: Xerais-Anaya. Oxford. Galaxia, Rodeira. Everest...
- Tentaremos traer algún **Taller** de Iniciación á Lectura (conta contos) ou á creación literaria popular ou culta (**regueifas**, relatos, poemas, etc.)
- A semana das **Letras Galegas** realizaremos unha **exposición de** cartaces dos autores galegos que foron homenaxeados até agora e exporemos, ademais, libros con recensións, tarxetas, fotos, etc. do autor ao que se lle adican este ano (R. Carballo Calero).

- Conmemoraremos o Día das **Letras Galegas** con **concursos** literarios, de dramatizacións, de recitados de poemas e/ou de conta-contos. Traeremos, ademais, **agrupacións culturais** de música e baile tradicional ás que asistan algúns alumnos/as nosos para que nos dean algún concerto e nos fagan exhibicións artísticas.
- Participar no **concurso de elaboración do manifesto e no de vídeo** do **Correlingua 2020, no Cantalingua**, e na propia concentración (en maio) con pancartas e coas camisetas deseñadas por nós en cursos anteriores, e no **Tíralle da lingua**, así como en calquera outro concurso que xurda durante o curso e que estea relacionado co uso da **lingua oral** como o **Concurso de Monólogos do concello** no que xa participamos algún ano.
- **En colaboración** cos departamentos de Lingua Galega e Ciencias Sociais realizaremos saídas de carácter didáctico nas cales o alumnado coñeza a vida e obra dalgún persoeiro da cultura galega ao tempo que estudan o contorno xeográfico, histórico e artístico da zona visitada. Os **roteiros** que realizamos habitualmente son: R. Oteriano para os de 4º (o 5 de novembro), R. Rosaliano para os de 3º de ESO (para o 28 de abril), R. Pondaliano para os de 2º (28 de abril), a Casa de Manuel María ou o roteiro pola nosa cidade para os de 1º (o 12 de maio).
- Elaboración de **cartaces relacionados coa lingua galega** e a súa lexislación que recollan os dereitos lingüísticos dos cidadáns e do alumnado, en particular, que se instalarán nas aulas e no taboleiro de normalización, renovándose periodicamente.
- Realización dun **díptico con recursos en galego**, páxinas web, blogs, etc, para que sirvan de axuda ao profesorado, alumnado, familias e persoal non docente.
- Mantemento do espazo **“O recanto dos artistas”** no que o alumnado poida colgar as súas creacións: poemas, relatos, cómics, letras de cancións, etc. Os seleccionados colgaranse no apartado do Equipo da nosa web: www.edu.xunta.es/centros/iesoteropeyocorunae/ou no noso blog.
- Asistir ás exposicións, talleres e presentacións de libros,... que as institucións e as bibliotecas da cidade organicen, en especial a veciña González Garcés ou o Forum.
- Manteremos o **intercambio lingüístico-cultural** co CPI “Alcalde Xosé Pichel” de Coristanco nunha xornada de convivio, e continuaremos co **irmanamento dos Clubs de Lectura** de ambos centros a través dun blog en colaboración coa Biblioteca e o Depto. de Galego. Tentaremos que teñan un contacto previo en galego a través de cartas persoais manuscritas e

das novas tecnoloxías: twenti, Twitter, WhatsApp, Instagram, correos, etc. Ese día celebraremos unas **olimpiadas de xogos tradicionais** entre o alumnado e profesorado dos dous centros. Organizarémola conxuntamente co Dpto. de Educación Física e Ciencias Sociais. Efectuarase unha recollida previa dos xogos máis típicos da comarca ou dos máis coñecidos polas súas familias. O alumnado dará unha pequena información sobre os mesmos antes de comezar o xogo. Este ano tócanos a nós recibilos e organizar toda a xornada de convivio visitando lugares e monumentos de interese.

- Colaboración co Centro Cívico de Monelos fomentando a participación do noso alumnado nas actividades en galego que nel se realicen.
- Participar na Rede de Dinamización Lingüística da SXPL e nas actividades que esta propoña, así como nas da CGENDL, colaborando fundamentalmente cos EDLG dos Centros do noso contorno.

As actividades programadas neste Plan de potenciación están pensadas para motivar os membros desta comunidade educativa a usar o galego tanto nos aspectos formais como informais. Así mesmo, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizará un seguimento do uso que da lingua galega faga na aulas o profesorado e o alumnado, especialmente naquelas materias que é prescrito na Lei de Normalización Lingüística e no Decreto de Plurilingüismo actual.

Visto e Prace O Director	Asdo. Coordinador
Xosé Luís González Rodríguez	X. Antón Amil García

IES *Ramón Otero Pedrayo* da Coruña



A Coruña, a 28 de setembro de 2019